

MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, CONCELEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ORDINARIA celebrada o quince de xuño de dous mil dezaseis, adoptou o seguinte acordo:

12/390 PRÓRROGA DO CONTRATO DE PRESTACIÓN DE VINTE E DÚAS PRAZAS DE CENTRO DE DÍA PARA A ATENCIÓN DE PERSOAS MAIORES EN RÉXIME DE ATENCIÓN DIÚRNA DENDE O 14 DE XUÑO DE 2016 ATA O 13 DE XUÑO DE 2017.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta do Xefe de Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, do 6 de xuño de 2016 que, na súa parte expositiva, fai constar:

“ANTECEDENTES

I. Contrato administrativo correspondente á PRESTACIÓN DE VINTE E DÚAS PRAZAS DE CENTRO DE DÍA PARA A ATENCIÓN DE PERSOAS MAIORES EN RÉXIME DE ATENCIÓN DIÚRNA asinado en data 14 de xuño de 2013 coa mercantil ENFERMERÍA DE GESTIÓN SOCIO SANITARIA S.L. por un prezo praza mensual de 560,65 euros, IVE incluído, e unha duración do contrato de DOUS ANOS contados a partir da data de formalización do contrato administrativo podendo prorrogarse por períodos máximos anuais por acordo do órgano de contratación sen que a duración total do contrato incluídas as prórrogas poida exceder de catro anos.

II. Informe proposta emitido con data 27 de maio de 2016 pola Xefa de Servizo de Muller e Benestar Social coa conformidade da Concelleira Delegada da Área de Muller e Benestar Social en relación coa prórroga do contrato correspondente á 22 prazas para a atención de persoas maiores en réxime de atención diúrna.

III. Certificación de existencia de consignación orzamentaria na aplicación 23186.22799 do vixente Orzamento Xeral para a cantidade de 80.160,08 euros (14 de xuño a 31 de decembro).

IV. Informe de Tesourería do día 31 de maio de 2016 no que se fai constar que a entidade ENFERMERÍA DE GESTIÓN SOCIO SANITARIA S.L non ten débedas de carácter tributario co Concello de Lugo.

V. Escrito presentado no Concello con data 1 de xuño de 2016 (Libro xeral de entrada 2016030895) pola representante da empresa ENFERMERÍA DE GESTIÓN SOCIO SANITARIA S.L no que solicita a prórroga do contrato asinado con data 14 de xuño de 2013, acompañando a este escrito certificacións de non ter débedas coa Axencia Tributaria de Galicia, coa Seguridade Social e coa Axencia Tributaria.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 16x250120390

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 15-6-2016

- Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público
- Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos de desenvolvemento.
- Calquera outra disposición legal vixente que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira. O contrato administrativo correspondente á PRESTACIÓN DE VINTE E DÚAS PRAZAS DE CENTRO DE DÍA PARA A ATENCIÓN DE PERSOAS MAIORES EN RÉXIME DE ATENCIÓN DIÚRNA asinado en data 14 de xuño de 2013 entre o Concello de Lugo e a mercantil ENFERMERÍA DE GESTIÓN SOCIOSANITARIA S.L prevé na súa cláusula terceira que “o prazo de duración do presente contrato é de DOUS ANOS, contados desde a súa formalización en documento administrativo. O contrato poderá ser obxecto de prórroga, por períodos máximos anuais por acordo do órgano de contratación, adoptado con anterioridade ó remate do prazo de vixencia, sen que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, poida exceder de CATRO ANOS”.

Segunda. Respecto á competencia municipal para a prestación do servizo, e superado un período de incerteza ante as posibles dúbidas interpretativas que provocaba a lexislación estatal e autonómica na materia, tras a sentenza do Tribunal Constitucional recaída no recurso de inconstitucionalidade núm. 1792/2014 pola que se declara inconstitucionais e nulos, entre outros, a disposición transitoria segunda da Lei 27/2013 de racionalización e sostibilidade da Administración local, parece claro que os concellos si poden seguir prestando competencias en materia de servizos sociais, polo que a prórroga deste contrato é procedente en calquera caso.

Terceira. Este expediente de prórroga iníciase con anterioridade ao vencemento do prazo de duración inicial mediante solicitude do contratista sendo informada favorablemente pola responsable do contrato. O acordo de prórroga, se procede, deberá adoptarse á maior brevidade e en todo caso antes do 14 de xuño de 2016, con anterioridade ao seu vencemento, entendendo non obstante que esta circunstancia, de non cumprirse non constituiría máis que unha irregularidade non invalidante.

Así o entendeu a Xunta Consultiva da Comunidade Autónoma de Aragón en informe 11/2011 que, entre outras cuestións, di:

“VI. Consecuencias jurídicas de adjudicar el contrato, una vez transcurrido el plazo de los cinco días a que se refiere el artículo 135.3 LCSP.

*La regla general es que, la infracción por la Administración de los plazos establecidos en las normas, no constituye más que una **irregularidad no invalidante**. En este sentido, el artículo 63.3 LRJPAC establece que: «La realización de actuaciones administrativas, fuera del tiempo establecido para ellas,*



sólo implicará la anulabilidad del acto, cuando así lo imponga la naturaleza del término o plazo». La misma regla, se aplica a las actuaciones judiciales realizadas fuera de tiempo, que sólo podrán anularse si lo impusiera la naturaleza del término o plazo —artículo 242 de la Ley Orgánica 6/1985, de 1 de julio, del Poder Judicial, y artículo 229 de la Ley 1/2000, de 7 de enero, de Enjuiciamiento Civil—.

La potestad de adjudicación del contrato no se halla sometida a ningún tipo de plazo preclusivo, o régimen de caducidad, por ello, el transcurso del plazo de su ejercicio no implica la invalidez de su actuación.

El plazo que fija el artículo 135.3 LCSP, no es un plazo esencial, pues **concorre un interés público más intenso —la satisfacción del concreto interés público al que se dirige la prestación que constituye el objeto del contrato—, que justifica que el tiempo —el plazo de cinco días hábiles—, no comporte relevancia alguna en el ejercicio de la potestad administrativa, pues, en otro caso, podrían quedar afectados los intereses generales a los que sirve la potestad de contratación.** Sin perjuicio del derecho de los licitadores a retirar su proposición si no se produce la adjudicación, en la forma prevista en el artículo 145.4 LCSP.”

Cuarta. En canto ó órgano municipal competente para aprobar o expediente de prórroga da contratación de referencia, de acordo co disposto na disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de contratos do sector público, á Xunta de Goberno Local correspóndelle as contratacións e concesións.”

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada pola Ilma. Sra. Tenenta de Alcaldede Delegada da área respectiva, e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excm.a Sra. D.ª LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Concello de Lugo (Grupo Municipal Socialista -GMS-); Ilma. Sra. D.ª ANA PRIETO NIETO, Tenenta de Alcaldede Delegada da Área de Goberno de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico (GMS); Ilmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcaldede Delegado da Área de Goberno de Medio Rural e Deportes (GMS); Ilma. Sra. D.ª MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, Tenenta de Alcaldede Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua (GMS); Ilma. Sra. D.ª ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcaldede Delegada da Área de Goberno de Benestar Social, Igualdade e Inclusión (GMS) e o Ilmo. Sr. D. XOSÉ DANIEL PIÑEIRO VILLARES, Tenente de Alcaldede Delegado da Área de Goberno de Desenvolvemento Sostible e Persoal (GMS),
ACORDA:

PRIMEIRO.- Prorrogar o contrato administrativo correspondente á PRESTACIÓN DE VINTE E DÚAS PRAZAS DE CENTRO DE DÍA PARA A ATENCIÓN DE PERSOAS MAIORES EN RÉXIME DE ATENCIÓN DIÚRNA asinado en data 14 de xuño de 2013 entre o Concello de Lugo e a mercantil ENFERMERÍA DE GESTIÓN SOCIOSANITARIA, S.L., dende o 14 de xuño de 2016 ata o 13 de xuño de 2017, todo iso con base nos informes técnicos e xurídicos anteriormente mencionados e que se dan por transcritos para os efectos da súa



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 16x250120390

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 15-6-2016

fundamentación, con estrita suxeición ao prego de condicións técnicas e administrativas particulares aprobados pola Administración municipal, contrato suscrito e demais documentos contractuais.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 80.160,08 euros, IVE incluído, para o período que vai do 14 de xuño de 2016 ata o 13 de xuño de 2017 con cargo á aplicación orzamentaria 23186.22799 (RC 51102; C.P 162318601) e comprometerse a incluír a cantidade restante no orzamento do ano 2017.

TERCEIRO.- Darlles traslado desta resolución, a cal pon fin á vía administrativa, ás partes interesadas e demais dependencias municipais afectadas. Contra a dita resolución caberá a interposición dos seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ao da notificación deste acto.
- Malia o anterior e con carácter previo, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 4/1999 de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, ante a Xunta de Goberno Local e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ao da notificación deste acto.

E para que así conste no expediente, coa expresa advertencia prevista no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de que a acta da sesión na que foi adoptado o acordo transcrito aínda non foi aprobada, e a reserva dos termos que resulten da aprobación desta, expídese esta certificación de orde da Excma. Sra. Alcadesa, dona Lara Méndez López, coa súa sinatura e a do Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.